



ORIENTACIÓN DEPORTIVA

X CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR

MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018 (10:00hs)

O GROVE

PONTEVEDRA



PRESENTACIÓN

A actividade deportiva escolar son xogos deportivos en idade escolar da Comunidade Autónoma de Galicia. A **orientación deportiva** é unha das modalidades existentes no programa coa seguinte información ([enlace](#)). Organízase o **X Campionato Provincial Escolar de Orientación Deportiva**.

A proba desenvolverase o mércores 7 de marzo de 2018, a partir das 10hs.

CATEGORÍAS PARTICIPANTES

A participación na proba é individual aínda que os centros escolares recollerán na folla de inscrición que se [adxunta](#) os equipos para as seguintes categorías:

INFANTIL FEMININO (nadas no 2004 e 2005)


INFANTIL MASCULINO (nados no 2004 e 2005)

CADETE FEMININO (nadas no 2002 e 2003)

CADETE MASCULINO (nados no 2002 e 2003)

MAPA

Será aportado pola organización no momento da saída.

"A SIRADELLA"	
	<p>Localidade: O Grove</p> <p>Cartógrafo: Iván Mera García</p> <p>Nº Registro FEDO: PO-1728-15</p> <p>Escala: 1:10000 Equidistancia: 5 m</p> <p>Descrición do terreo: Mapa de bosque e zona areosa, con gran volume de elementos rochosos, e moi poucas referencias lineais (sendas ou camiños)</p>

PROGRAMA

10,00H. Recepción de participantes, entrega de dorsais e das tarxetas de control.

10,30H. Charla explicativa sobre as carreiras de orientación.

11,00H. Saída dos primeiros corredores.

13,30H. Entrega de trofeos.

INSCRICIÓN

Enviar o **formulario Excel** que se **achega** debidamente cuberto a coordinadordeporescolar.po@gmail.com con copia a lachs@aromon.es.

Aqueles centros que por esquecemento non teñan creado o equipo de orientación no deporte escolar, deberán poñerse en contacto previamente co Servizo de Deporte da Xunta de Galicia coordinadordeporescolar.po@gmail.com, para realizar o trámite na web <http://www.deporteescolargalego.com>, creando o equipo e engadindo ao alumnado.

Transporte escolar gratuito proporcionado e xestionado por deporte escolar. Deberase cumprimentar a seguinte solicitude que se **adxunta** e será remitida a transporte-xogade.pontevedra@xunta.es cunha antelación mínima de 5 días.

Poderase establecer un número máximo de competidores/as para permitir a celebración da proba durante unha única xornada. En caso de ser preciso aplicar un límite máximo aceptaranse as inscricións por riguroso orde de entrada.

PUNTO DE ENCONTRO

Centro vacacional A Lanzada

<https://goo.gl/maps/VuKzDUh2ics>

OBSERVACIÓNS, NORMAS E RECOMENDACIÓNS

Non se permitirá a saída de corredores sen o seu **dorsal**.

É obrigatorio realizar o **percorrido na orde indicada no mapa**. ¡Olo ó código da baliza!

Non se permite seguir a outros corredores, a carreira é individual.

Non se permite **falar** con outros corredores.

É **obligatorio pasar pola meta**, aínda que se produza o abandono.

Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha brúxula, ademais do mapa proporcionado pola organización.

Haberá observadores comprobando que se cumpren tódalas normas.

Calquera aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos oficiais da modalidade de orientación O-Pé.

É recomendable utilizar roupa cómoda. Non hai que esquecerse de levar outra muda. Hai vestiarios e duchas a disposición dos competidores.

As competicións de orientación baséanse no **respecto**:

- Á natureza.
- Ós outros competidores.
- Ás indicacións do persoal da organización da proba.
- É importante ofrecer axuda os participantes que teñan problemas de saúde.

SEGURIDADE BÁSICA

Os trazados dos percorridos pénsanse para evitar as zonas perigosas para os participantes. Ningún control estará situado en lugares que impliquen risco algún para os participantes.

En todo momento haberá unha ambulancia na zona de concentración para garantir a seguridade dos participantes.

A organización non se fará responsable da posible perda de obxectos persoais durante a proba, existindo a posibilidade de deixar os mesmos custodiados na secretaría da mesma.

É importante recordar que en caso de abandono o deportista deberá pasar pola meta para comunicar o feito e que quede constancia.

ORGANIZA

Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo

<http://www.aromon.es>

lachs@aromon.es

Tel.: 644 377 162





COLABORAN



Universida de Vigo